



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Publicación edicto padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de xaneiro 2024

ANUNCIO

Por resolución do concelleiro delegado núm. 752/2024 de data 19 de xuño de 2024, acordouse:

Primeiro: : Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de xaneiro 2024 que comprende 254 recibos e 133 cotas cero por un importe total de mil douscentos oitenta euros con corenta e oito céntimos (1.280,40 €).

O dito padrón estará a disposición do público nas oficinas do Departamento de Deportes sitas na rúa Río Barcés núm. 6.

Segundo: Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, o padrón aprobado estará a disposición do público nas oficinas do Departamento de Deportes sitas na rúa Río Barcés nº 6 (A Barcala).

Terceiro: Establecer un período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 16.07.2024 ata o 16.09.2024, ambos os dous incluídos. Transcorrido o mesmo, procederá a esixir os xuros de mora e os recargos que legalmente procedan e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos cinco primeiros días do período voluntario de pago.

Cuarto: Dar conta da presente resolución á Intervención e á Tesourería municipal a través da plataforma TEdC

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público dos padróns. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cambre, 20 de xuño de 2024.

A alcaldesa

Mª Dolores Pan Lesta

2024/4425